

XOVES 24 DE ABRIL 2020

Como sabedes hoxe teríamos que celebrar o Día do Libro e...que mellor maneira de comezar co noso novo material!

Así para hoxe a tarefa que nos gustaría que levarades a cabo é a lectura do conto que lle corresponde o primeiro dos libros do trimestre. Podedes comezar observándoo, imaxinando o que lle pode estar pasando a Curtis, Candi, Cora...fixarse nas personaxes, non seus novos amiguiños, na paisaxe, nas cores, buscar formas, se hai números, en que estación se encontran, lugar...

Despois pedide axuda para que vos lean a nova historia...son moi divertidas! E a partir desta primeira lectura, podedes vos mesmos mirar as letras, intentar descifralas, buscar as vogais, letras do voso nome...

Nos seguintes enlaces poderedes visualizar os contos que eso gústavos moito! E como novidade...tamén volos deixamos en inglés! Será para vos moi raro e non entenderedes moito, pero como xa coñecedes o que pasa...seguramente saberedes máis inglés do que pensades! Así tamén vades practicando! ☺

A continuación, e tras esta aproximación o novo material, é momento de facer algunha tarefa máis concreta, polo que hoxe tocarán as dúas primeiras fichas que son moi sinxeliñas...xa sabedes, cando toque repasar, primeiro a lapis e despois a rotul!

Veña...un esforzo pequeno que xa está rematando a semana!

Un bico moi grande!

UN SUSTO TREMENDO (4 anos)

<https://www.youtube.com/watch?v=xUPsKBcjMbg&list=PLLNicibuuhvxlQahfOR1HFzm9xx6eqP4p&index=18>

<https://www.youtube.com/watch?v=Vi3hy8NRNro&list=PLLNicibuuhvwOPXWrX28Hd0Hjo-RGzHQQu&index=17> (EN INGLÉS)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- **DRAMATIZAR O CONTO:** no caderno de troqueles aparecen os protagonistas principais do conto, poden volvelo a contar e inventar outras historias, outro final utilizando os mesmos, ou tamén pegalos nun folio en branco e crear coa vosa axuda un conto totalmente novo, esto facémolo na clase e gústalles moito.
- **EMOCIÓN DE CANDI:** preguntar acerca de como creen que se sente Candi: feliz, triste, con medo, asustada... asociar sentimentos ás diferentes emocións. Preguntar como se senten ou se sentiron: antes de ler o conto, durante, despois, estes días, que farían eles no lugar de Candi, as súas reaccións... Buscar aqueles protagonistas e mirar se teñen emocións diferentes segundo a cor da súa nariz.
- **ANIMAIS SALVAXES:** identificar cales son, por que se chan así...na FICHA 1, rodear os animais salvaxes, debuxar no reverso outro que coñezan, buscar en revistas, periódicos...recortar e facer un mural... Diferenciar entre animais salvaxes e domésticos.
- **FORMA DE LAZO:** buscar pola casa obxectos, fotos, cousas con esta forma, facer a forma con lazos, con plastilina, con cordas...

SALVAR AL CABALLITO DE MAR (5 anos)

<https://www.youtube.com/watch?v=jUd5VTIBwY0&list=PLLNicibuuhvxiQahfOR1HFzm9xx6eqP4p&index=14&t=0s>

<https://www.youtube.com/watch?v=hK3-RPducYQ&list=PLLNicibuuhvwOPXWrX28Hd0Hjo-RGzHQu&index=13> (EN INGLÉS)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- **DRAMATIZAR O CONTO:** no caderno de troqueles aparecen os protagonistas principais do conto, poden volvelo a contar e inventar outras historias, outro final utilizando os mesmos, ou tamén pegalos nun folio en branco e crear coa vosa axuda un conto totalmente novo, esto facémolo na clase e gústalles moito.
- **EMOCIÓN DE CORA:** preguntar acerca de como creen que se sente Cora: feliz, triste, con medo, asustada... asociar sentimentos ás diferentes emocións. Preguntar como se senten ou se sentiron: antes de ler o conto, durante, despois, estes días, que farían eles no lugar de Cora, as súas reaccións... Buscar aqueles protagonistas e mirar se teñen emocións diferentes segundo a cor da súa nariz.
- **ANIMAIS MARIÑOS:** identificar cales son, por que se chaman así, cales coñecen que non aparecen...

- FICHA 1: ordear os animais por tamaños, características, mirar que cores predominan, contar os animais que aparecen, facer a grafía, sumalos por clases... Como estivemos aprendendo a reciclar: clasificar a basura que hai no fondo do mar, organizar en qué contenedor debe depositarse...como IDEA CREATIVA: inventar unha máquina de recollida de lixo do fondo mariño, debuxo libre.
- FACEMOS OLAS: podemos pegar gomets, boliñas de papel, lá...ou mesmo pegar plasti formando ás olas... Nunha bandexa botar auga cun pouco de deterxente ata facer espuma, despois soplar, abaneala...mirar como se move a auga, a altura que colle dependendo da forza...ver de que dependen as ondas do mar.